

# BOLETÍN DE IGUALDADE

*Publicación mensual da Unidade de Igualdade*



Fotografía de arquivo de Begoña Caamaño, xornalista, escritora e activista recoñecida coas Letras Galegas 2026

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## **Unidade de Igualdade**

Edificio Ernestina Otero 1º andar  
Campus universitario  
Vigo-36310  
igualdade@uvigo.gal  
986 813 419



Unidade de Igualdade  
**Universida de Vigo**



---

## CONTIDO

AXENDA .....	3
FORMACIÓN.....	4
XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIO .....	5
CONVOCATORIAS.....	6
SUXESTIÓNS .....	6
INVESTIGACIÓN .....	10
REVISTAS .....	12
NOVAS DO DUVI.....	14
NOVAS .....	14
DATOS .....	17
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .....	18

CALENDARIO DA IGUALDADE

2026

# MAIO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
18	27	28	29	30	1 Festa do Traballo	2	3
19	4	5	6	7	8	9	10
20	11	12	13	14	15	16	17* Día das Letras Galegas
21	18	19	20	21	22	23	24 Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme
22	25	26	27	28 Día Internacional da Acción pola Saúde das Mulleres	29	30	31

## AXENDA

**30 de abril.** Ciclo de cinema: Cine e Xustiza, coa proxección de Joy, organizada polo Instituto de Xustiza e Xénero.

Unidade de Igualdade

# Universidade de Vigo

## FORMACIÓN

---

**Curso Intervención social con perspectiva de xénero.** Inscricións ata o 15 de maio. [+Info](#)

**Curso en liña sobre igualdade de xénero e diversidade na educación superior** do Proxecto G-Force (ES). [+Info](#)

**Cursos de verán:**

**Universidad Complutense de Madrid.** [+Info](#)

- Resistir a reacción. Política, feminismo e cooperación iberoamericana. Do 1 ao 3 de xullo.
- Sexo e poder. Tendencias, identidades e patróns erótico-sexuais e de poder nas sociedades do século XXI. Do 1 ao 3 de xullo.
- Masculinidades a debate: respostas feministas ante un tempo novo. Do 8 ao 10 de xullo.
- Violencia dixital contra as mulleres. Do 15 ao 17 de xullo.

**Diploma de Especialización en Masculinidades, Xénero e Igualdade (ES)** [+Info](#)  
Matrícula aberta ata o 21 de setembro.

**Seguridade dixital, xénero e uso ético da IA.** Inicio do curso 15 de setembro de 2026. (ES) [+Info](#)

**Xestión da Igualdade: Proxectos Sociais con Perspectiva de Xénero.** (ES) [+Info](#)  
Curso online gratuíto ofrecido pola Federación Mujeres Progresistas.

**Políticas do castigo e a cancelación. Do sentido común punitivo aos procesos transformativos** (ES) [+Info](#) Curso de 'Nociones comunes' do 11 de maio ao 22 de xuño.

**Xénero e interseccionalidade.** (EN) [+Info](#) Curso masivo en liña

**Seminarios conversatorios sobre Masculinidades, Xénero e Igualdade.** Observatorio de Masculinidades da Universidade Miguel Hernández de Elx. Dispoñibles os vídeos das sesións celebradas desde 2021 até hoxe. (ES) [+Info](#)

**Webinar. Mozos adolescentes e elección profesional. Cara a unha maior presenza masculina en profesións de coidado.** Fundación Iniciativa Social. Dispoñible a sesión que tivo lugar o 25 de febreiro de 2026. (ES) [+Info](#)

**Sexuando o lenzo: arte e xénero.** (EN) [+Info](#) Curso masivo en liña

**Cara a unha alfabetización mediática e informativa sensible ao xénero.** (EN) [+Info](#)

**Xustiza de xénero e dereitos humanos: combater o auxe do movemento antixénero.** (EN) [+Info](#)

Curso masivo en liña organizado por Amnistía Internacional.

**MOOC Unha historia global do sexo e o xénero: corpos e poder no mundo moderno.** (EN) [+Info](#)

**MOOC Feminismo e xustiza social.** (EN/ES) [+Info](#)

**Campus Virtual de UNFPA.** Formación en liña asíncrona con varias accións formativas dispoñibles. [+Info](#)

**Feminismo, xénero e política.** MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) [+Info](#)

**Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres** (ES) [+Info](#)

**Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade.** (ES) [+Info](#)

## **XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIO**

---

**XXXIV Congreso da Asociación de Estudos de Xénero e Sexualidades-AEGS. Coidando o mundo: novas narrativas de xustiza, xénero e afectos.** Do 20 ao 22 de maio na Universidad de Oviedo. [+Info](#)

**XV Congreso Internacional Mundos de Mulleres.** Gernika e Bilbao, do 20 a 24 de maio. Organizado polos colectivos Gernika Gogoratuz e Gernikatik Mundura . (ES) [+Info](#)

**I Congreso Internacional de Hispanistas sobre Estudos Literarios Femininos: «(Re)escrituras do canon: autoría feminista, xenealoxías críticas e poéticas disidentes».** Universidad de Alcalá, 18, 19 e 20 de maio. [+Info](#)

**Conferencia Europea sobre Política e Xénero-ECPG** (EN). Do 15 ao 17 de xuño na Newcastle University. [+Info](#)

**III Congreso Internacional de Antropoloxía Feminista. «Xerar saberes desde o compromiso social».** Universitat Rovira i Virgili, Tarragona. Os días 1, 2 e 3 de xullo de 2026. (ES) [+Info](#)

**Congreso Mundial de Estudos de Xénero e Sexualidade 2026 (GSS 2026).** Os días 18 e 19 de maio en Ámsterdam. [+Info](#)

**XXXIV Congreso da Asociación de Estudos de Xénero e Sexualidades (AEGS). Coidando o mundo: novas narrativas de xustiza, xénero e afectos.** Os días 20, 21 e 22 de maio na Universidad de Oviedo. [+Info](#)

**I Congreso Internacional de Tecnoloxías Emerxentes e Xénero.** Sevilla, 30 de setembro, 1 e 2 de outubro de 2026. [+Info](#)

**XII Congreso Internacional de Xénero e Comunicación (GenderCom 2026).** Con sesións virtuais os primeiros días e formato presencial do 7 ao 9 de outubro na Facultad de Comunicación y Documentación da Universidad de Granada. [+Info](#)

## CONVOCATORIAS

---

***Sexuality Research and Social Policy.*** Número especial: Xustiza e traballo sexual: desenvolvendo e descentrando debates. A data límite para o envío de artigos é o 10 de abril de 2026. [+Info](#)

***Investigaciones feministas.*** Xénero e opinión pública na sociedade contemporánea: fendas nas actitudes sociopolíticas e esfera dixital. Plazo aberto ata o 12 de abril de 2026. [+Info](#)

***Behavioral Sciences.*** Número especial: Violencia sexual contra as mulleres en todos os contextos: prevención, educación e intervención. Plazo aberto ata o 26 de maio do 2026. [+Info](#)

***JMIR Medical Education.*** Nesgos, Diversidade, Inclusión, e Competencia cultural en Educación Médica. Aberto ata o 31 de xullo do 2026. [+Info](#)

**I Congreso Internacional de Tecnoloxías Emerxentes e Xénero.** Convocatoria aberta para o envío de resumos e pósteres ata o 15 de agosto de 2026. [+Info](#)

***Asparkía Investigación Feminista.*** Chamada para o número Escritura e emancipación: pioneiras do periodismo e a crónica (1850-1950) ata o 1 de setembro. [+Info](#)

***Lectora: revista de dones i textualitat.*** Dossier Feminismos en clave musical: mulleres, disidencias e novas masculinidades nos discursos musicais e audiovisuais da música popular. Aberto ata o 15 de setembro. [+Info](#)

***Feminist Formations.*** Convocatoria aberta para envío de artigos de diversas temáticas feministas. A data límite de envío de propostas é o 31 de decembro de 2026. [+Info](#)

## SUXESTIÓN

---



«Preferiría que retirasen a reforma laboral a que me desen un premio, pero non vou dicir que non un premio que supón unha promoción do libro e da lectura en xeral» son [palabras](#) de Begoña Caamaño cando recibiu o Premio da Crítica Española 2012, na modalidade de novela en galego

Lembrar a [Begoña Caamaño](#), autora recoñecida neste 2026 co motivo do Día das Letras Galegas, é unha oportunidade para visibilizar reivindicacións e baleiros e para explorar as expresións que saen dos marcos

habituais da literatura. Este ano é a oitava ocasión – e a 14ª muller- en que a conmemoración da nosa literatura se centra nunha figura feminina. Aínda é excepción que os premios e

galardóns literarios expoñan a obra realizada polas mulleres: só no 12,5 % das celebracións das Letras Galegas as protagonistas foron mulleres. Ademais, hai que destacar que o recoñecemento da achega das mulleres á literatura no Día das Letras é recente: até 2018, ano que se dedicou a María Victoria Moreno, só foran homenaxeadas tres mulleres.



De esquerda a dereita, as galegas nas letras: Dorothé Schubarth, María Victoria Moreno, María Xosé Queizán, Patricia Janeiro, Marica Campo, Xela Arias, Inma Antón Souto, Uxía Casal, Luisa Villalta, Aurora Marco, María Mariño e Sara Guerrero

A candidatura de Begoña Caamaño foi defendida dentro da RAG por Ana Romaní, Marilar Aleixandre, María López Sánchez, Margarita Ledo, Chus Pato e Francisco Fernández Rei. Isto demostra como a presenza das mulleres nos postos de decisión pode facer equilibrar a balanza. Pero non só. Tamén o activismo de base foi necesario para abrir fendas nos muros da RAG. Desde 2014, a [plataforma de crítica feminista A Segá](#) promove o Día das Galegas nas Letras, unha homenaxe anual a unha escritora galega que procurou rachar a invisibilidade de moitas escritoras que non entraban nos canons oficiais. María Victoria Moreno, Xela Arias ou Luisa Villalta son exemplos de mulleres a quen se dedicou un Día das Letras Galegas que previamente foran lembradas por A Segá.

A nivel global, esta invisibilidade no recoñecemento da obra literaria das mulleres permanece. Se botamos un ollo ao que son considerados como os maiores galardóns literarios a nivel global, os Premios Nobel de Literatura, vemos que só nun 14,87 % das ocasións foron outorgados a unha muller. Nestes premios, vixente desde comezos do século XX, só atopamos 18 autoras, 9 delas a partir de 2004. Nun momento en que se percibe un avance dos discursos e ideas reaccionarias cabe preguntarse se estes recoñecementos conseguirán manterse ou se a figura das autoras voltará caer na invisibilidade.

### Mudar o relato

«Gústame contar historias porque as historias me permiten transmitir e narrar algo máis verdadeiro ca a verdade». Estas palabras formaban parte do discurso lido por Begoña na presentación de *Morgana en Esmelle* na Feira do Libro de Compostela en 2012. Neste discurso,

que foi publicado integramente na publicación feminista [Festa da Palabra Silenciada](#), a escritora expuña de onde sacaba a inspiración

As mulleres protagonistas da obra narrativa de Caamaño son mulleres fortes e apaixonadas. Nas súas dúas novelas (*Circe ou o pracer do azul* e *Morgana en Esmelle*) empregou as personaxes de historias míticas e dálles unha voz silenciada que transforma a historia e as posibilidades de entender o mundo. Aínda que estas personaxes non existisen, Begoña Caamaño aseguraba que non lle costaría recrealas, pois están presentes no día a día: «Ás veces, insubmisas, toman as prazas en manifestacións multicolores; noutras ocasión permanecen prisioneiras nas súas casas e pagan moi caro, mesmo coas súas vidas, o prezo da rebelión».

A súa novela *Circe ou pracer do azul* (2009) creou unha Penélope e unha Circe que os relatos e mitos patriarcais foron incapaces de concebir. Dúas mulleres que tecen unha rede na distancia e desenvolven unha amizade que racha cos mandatos de xénero. «Cando dúas mulleres compiten entre elas o que fan realmente é competiren contra si mesmas, asumindo a imaxe que o patriarcado crea delas», expresaba Caamaño nunha entrevista publicada no [Novas da Galiza](#) realizada a partir da publicación deste libro.

En *Morgana en Esmelle* (2012) volta a cuestionar as narrativas propias dos mitos patriarcais. Aquí retoma o marco das lendas artúricas para dotar de axencia as súas personaxes femininas, facendo de Viviana unha figura cun proxecto político enfrontado ás conspiracións de Merlín e de Morgana unha muller que encontra o seu camiño superando mandados e imposicións. Ademais, volta poñer o foco en reestablecer os vínculos entre mulleres que o patriarcado rachou.

Estas obras expresan como a voz das mulleres e do feminismo pode crear novos mundos e imaxinarios que abren o abano do posible. Algunha das autoras que reflexionaron sobre a necesidade e a riqueza desta mudanza nos relatos é a autora de fantasía e ciencia-ficción Ursula K. LeGuin, no seu texto [La teoría de la bolsa de la ficción](#) (2023). Neste traballo, LeGuin expón a necesidade de saír das narrativas do heroe, apelando a entender as historias como un espazo que contén historias e elementos que conectan entre si.

Pero estas mudanzas no relato non se fan só a través da ficción. Se algo demostrou outra escritora recentemente premiada como Annie Ernaux, é que tamén a narrativa do cotiá é unha ferramenta para visibilizar as violencias estruturais.

### **As letras nas marxes: xornalismo e activismo**

Igual que nas Letras Galegas do ano pasado se recoñecía o papel da oralidade na literatura galega a través das cantareiras, coa lembranza de Begoña Caamaño podemos tamén estender as marxes do que habitualmente se recoñece como literatura e que no caso de Begoña vai da man dos seus compromisos políticos e militantes.

Begoña Caamaño era militante feminista, activa nas [Mulheres Nacionalistas Galegas \(MNG\)](#) e na Marcha Mundial das Mulleres. O seu compromiso político tamén lle fixo estar presente na solidariedade cos presos e presas independentistas e participar das iniciativas unitarias do

soberanismo galego de comezos deste século XXI: as Bases Democráticas Galegas e Causa Galiza.

Caamaño empregou a palabra como unha ferramenta para axitar consciencias ao longo da súa vida. Por unha banda, fíxoo a través do seu traballo nos medios radiofónicos e a través da súa voz. Para alén [dos seus programas](#), Caamaño fixo sindicalismo e promoveu o asociacionismo feminista neste oficio, participando xunta con outras xornalistas (entre as que estaban Ana Romani, Amanda Álvarez, María Solar, Carme Hermida, María Xosé Queizán, Rosa Martínez ou María Xosé Porteiro) da fundación en 1997 de [Mulleres Galegas na Comunicación \(MUGACOM\)](#). Esta organización xa denunciaba a violencia simbólica que contra as mulleres exercen os medios e elaboraron un informe sobre a presenza das mulleres nas informacións dos diarios galegos, que non chegou a ser publicado. A día de hoxe, o testemuño desta organización pioneira pode considerarse recollido pola organización [Xornalistas Galegas](#).

A palabra de Begoña Caamaño moveuse alén dos circuítos das industrias culturais. Como xornalista e militante colaborou con medios como *A Nosa Terra*, *Tempos Novos*, *Novas da Galiza* ou a revista antimilitarista *Ar!*. Estes artigos son tamén parte do seu legado literario, onde se recolle o seu compromiso político e a súa forma de narrar.

En *Ar!* recolle as historias de violencia e dor que o servizo militar obrigatorio deixou na nosa sociedade, a través da voz de familiares de vítimas. Entre outras entrevistas, Caamaño recolleu a historia da loita dunha familia [cuxo fillo morreu durante a mili](#) e tamén tivo a oportunidade de entrevistar [as Nais da Praza de Maio argentinas](#).

Tamén as súas palabras nutriron os voceiros e as reflexións do feminismo galego. Algúns exemplos son [«Mulher e globalización»](#) ou [«Ser muller na radio»](#). Convidamos a bucear entre os documentos que recolle o seu perfil do Álbum das Mulleres do Consello da Cultura Galega para coñecer a amplitude de significado das letras de Begoña.

Para coñecer máis a súa figura, o seu traballo e a súa faceta como activista ademais da súa escrita, neste ano estanse a publicar obras con diferentes enfoques que tamén aproveitamos para recomendar.



- [Begoña ou o pracer da amizade](#) (2026) de Beatriz Maceda.
- [Begoñísima](#) (2026) de Andrea Nunes Brións.

- *Os fíos de Begoña. Pequena biografía de Begoña Caamaño* (2026). Escrito por Eva Mejuto.
- [\*Volveredes brindar por min\*](#) (2026), unha biografía feita por Ana Román e María Xesús Nogueira.
- [\*Begoña Caamaño. Pequena biografía\*](#) (2026). Biografía ilustrada escrita por Polo Correo do Vento.
- [\*Begoña Caamaño. O transgredir das ondas\*](#) (2026). Unha obra dramática de Paula Carballeira, que ten unha [parte escénica](#) desenvolta no proxecto da compañía galega Berrobambán no que a xornalista Xoana Barreiro realiza un pódcast en directo.

## INVESTIGACIÓN

---

**Persoal médico sinalado por sospeitas de conduta sexual impropia en Canadá: unha análise comparativa de casos a partir de información dispoñible publicamente.** (EN) [+Info](#)

**Loita contra a discriminación nas cadeas de valor da pesca e a acuicultura.** Vídeos da sesión organizada por Mulleres Salgadas, a ONG I Exist Too e a Universidade de Vigo. Activistas e investigadoras avalian as múltiples formas de discriminación presentes no sector pesqueiro. (ES/EN) [+Info](#)

**Seguimento da cobertura mediática global da misoxinia.** Análise de 1.140 millóns de artigos publicados en Internet entre 2017 e 2025 para detectar a presenza de contidos sobre violencia de xénero. (EN) [+Info](#)

**Revista Soberanía alimentaria, 55: Economía campesina e feminista.** (ES) [+Info](#)

**Marco estratéxico para a integración da dimensión de xénero interseccional na investigación e a transferencia.** (CAT) [+Info](#)

**O acoso como infraestrutura: como o deseño de Telegram facilita a violencia de xénero facilitada pola tecnoloxía en Italia e España.** (EN) [+Info](#)

**Impulsar a investigación interdisciplinar: Un estudo de caso sobre parellas de persoas que lideran e persoas que seguen.** (EN) [+Info](#)

**Comprender a afirmación da identidade das persoas negras con diversidade sexual e de xénero como unha forma de resistencia: implicacións para un modelo de resistencia e resiliencia.** (EN) [+Info](#)

**A situación da saúde sexual nos Estados Unidos de América en 2024: resultados da Enquisa sobre Saúde Sexual (SHAPE) da Organización Mundial da Saúde.** (EN) [+Info](#)

Por que ela non? Xénero, poder e control de acceso na programación radiofónica e de festivais de Irlanda e do Reino Unido. (EN) [+Info](#)

A análise unicelular do sistema inmunitario humano revela unha dinámica da inmunosenescencia específica segundo o sexo. (EN) [+Info](#)

Liberarse do xénero: argumentos en contra da identificación obrigatoria por sexo. (EN) [+Info](#)

Olo coa fenda: Actitudes globais cara a igualdade de xénero en 2026. (EN) [+Info](#)

Mapa de seguridade CODER para *apps* de citas. (EN) [+Info](#)

Progreso estancado. Informe final do GMMP 2025. (EN) [+Info](#)

As implicacións da transparencia salarial nas preferencias de candidatura e nas negociacións salariais. (EN) [+Info](#)

Análise dos datos da enquisa sobre a percepción social da prostitución. (ES) [+Info](#)

Monografías feministas. Beijing+30. (ES) [+Info](#)

Feminismo e covid-19. Como lles vai ás mulleres ante unha crise global. (EN) [+Info](#)

Diferenzas por sexo no risco familiar e nos compoñentes xenéticos dos intentos de suicidio: un estudo de cohorte baseado en rexistros en Suecia. (EN) [+Info](#)

Xénero e pobreza nos Estados Unidos: Resultados da Enquisa de Finanzas das Familias. (EN) [+Info](#)

Desvelando as desigualdades de xénero nas traxectorias cara aos consellos de administración mediante *deep learning*. (EN) [+Info](#)

Saúde e benestar tras a perda da parella en homes e mulleres maiores. (EN) [+Info](#)

Violencia contra mulleres que se inxectan drogas. (EN) [+Info](#)

Menopausa prematura e risco de enfermidade coronaria. (EN) [+Info](#)

Alén da «tubaxe que pinga»: críticas feministas ás desigualdades na Arqueoloxía. (EN) [+Info](#)

Coparentalidade en perspectiva entre futuras nais e pais primerizos: un estudo cualitativo transnacional. (EN) [+Info](#)

Achegas para a investigación intercultural desde as perspectivas das mulleres indíxenas. Metodoloxías, desafíos e leccións aprendidas. (ES) [+Info](#)

Mulleres en dixital. O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero. Edición 2025. (GL) [+Info](#)

Documento de recomendacións: Aportacións de mellora para o impulso da transversalidade. (ES) [+Info](#)

In Mujeres Número 6. Beijing +30. (ES) [+Info](#)

Análise dos datos da Enquisa sobre percepción social da prostitución. (ES) [+Info](#)

## REVISTAS

---

*Revista ex aequo* Núm. 52 (2025). Dossier «Consentimento e violencia sexual». (PT/EN/ES) [+Info](#)

*Clepsydra*. Núm. 30 (marzo de 2026): Cartografías da Machosfera: discursos antifeministas, redes sociais e reapropiacións culturais desde unha perspectiva de xénero. (ES) [+Info](#)

*Journal of Feminist, Gender and Women Studies*. Monográfico: Representacións contemporáneas de mitos femininos e masculinos (xullo do 2025). (ES) [+Info](#)

*Gender & Society* Volume 40 (abril de 2026). (EN) [+Info](#)

*Gender, Work & Organization*: Volume 33, Issue 1. (EN) [+Info](#)

*Biology of Sex Differences*. Volume 17 (2026). (EN) [+Info](#)

*Femeris*. Vol. 11 Núm. 1 (febreiro de 2026). (ES) [+Info](#)

*Journal of Feminist, Gender and Women Studies*. Núm 19 (decembro de 2025). (ES) [+Info](#)

*Revista igUALdad*. Volume 29 (decembro de 2025). (ES) [+Info](#)

*Social Politics*. Volume 33: Democracia baixo presión: mobilizacións antixénero e formas de resistencia (primavera de 2026). (EN) [+Info](#)

*Sexualities*. Volume 29 Issue 3 (marzo de 2026). (EN) [+Info](#)

*Gender, Technology and Development*. Volume 30 (2026). (EN) [+Info](#)

*Feminist & Psychology*. Volume 36 (2026). (EN) [+Info](#)

*Women & Therapy*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)

*Feminist Anthropology*. Volume 6 (novembro de 2025). (EN) [+Info](#)

*Psychology & Sexuality*. Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)

*Feminist Economics*. Volume 31 (2025/2026). (EN) [+Info](#)

- 
- Feminist Legal Studies*. Volume 34 (abril de 2026). (EN) [+Info](#)
- Violence and Gender*. Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)
- Hypatia*. Volume 41 (inverno de 2026). (EN) [+Info](#)
- Revista Estudos Feministas*. Volume 34 (abril de 2026). (PT) [+Info](#)
- Gender & History*. Volume 38 (marzo de 2026). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Sex Research*. Volume 63, Issue 4 (2026). (EN) [+Info](#)
- Gender in Management*. Volume 41, Issue 1 (febreiro de 2026). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Women Quarterly*. Volume 50 (marzo de 2026). (EN) [+Info](#)
- Gender and Education*. Volume 38 (2026). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 153 (2026). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 28 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 21 (abril de 2026). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 27 (abril de 2026). (EN) [+Info](#)
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 45 (febreiro de 2026). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 41 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 27 (2026) (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 35 (2026). (EN) [+Info](#)
- Gender Issues*. Volume 43 (2026). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture*. Volume 33 (2026). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 32 (2026). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 9 (2026). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 15 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (abril de 2025). (EN) [+Info](#)
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 34 (2026). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 33, Issue 1 (febreiro de 2026). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Aging*. Volume 38, Issue 1 (2026). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics*. Volume 28, Issue 1 (2026). (EN) [+Info](#)

*Journal of Women and Minorities in Science and Engineering*: Volume 32 (2026). (EN) [+Info](#)

*Signs. Journal of Women in Culture and Society*. Volume 51 (primavera de 2026). (EN) [+Info](#)

*International Journal of Sexual Health*. Volume 38 Issue 1 (2026). (EN) [+Info](#)

*Sexuality and Culture*. Volume 30 (febreiro de 2026). (EN) [+Info](#)

*The Journal of Men's Studies*. Volume 34 (marzo de 2026). (EN) [+Info](#)

*Journal of Gender-Based Violence*. Volume 10 (2026). (EN) [+Info](#)

*Women and Criminal Justice*. Volume 36 Issue 2 (2026) (EN) [+Info](#)

*Women's Studies International Forum*. Volume 116 (2026). (EN) [+Info](#)

*Women's History Review*. Volume 35 (2026). (EN) [+Info](#)

*Feminist Media Histories*. Volume 12 (inverno de 2026). (EN) [+Info](#)

*Sexuality Research and Social Policy*. Volume 23 (Marzo de 2026). (EN) [+Info](#)

*Géneros*. Volume 15 (Febreiro de 2026). (ES) [+Info](#)

*Religion and Gender*. Volume 16 (xaneiro de 2026). (EN) [+Info](#)

## NOVAS DO DUVI

---

A Cátedra Aldaba-WIB concede o seu premio Vídeos pola Igualdade a un traballo de alumnado do Colexio Padre Feijoo-Zorelle. [+Info](#)

A información e os cribados de infeccións de transmisión sexual chegan aos campus de Vigo e Pontevedra. [+Info](#)

## NOVAS

---

O Instituto das Mulleres pide ao concello de Torrent (València) retirar unha campaña contra o aborto. (ES) [+Info](#)

Confirmado como crime machista o asasinato de Alejandra Maryvin en Seseña (Toledo). (ES) [+Info](#)

Extraditan desde Cuba o profesor galego condenado por violar unha menor e entra en prisión. (ES) [+Info](#)

139 denuncias destapan a violencia institucional machista contra mulleres e menores. (ES) [+Info](#)

Diana, Rebeca e Rosi: as tres rapazas de Valga que abriron camiño para as mulleres no fútbol. (GA) [+Info](#)

«Vantaxes» por denunciar e «lavado de coco» aos fillos: as expertas desmontan os bulos machistas do xuíz do exDAO. (ES) [+Info](#)

Os medios rexistran a menor presenza de noticias de violencia contra as mulleres en nove anos, malia a magnitude dos crimes. (ES) [+Info](#)

A reparación de Dolores Vázquez: unha muller inocente perfilada como «a lesbiana perversa». (ES) [+Info](#)

O dano cerebral do maltrato. (ES) [+Info](#)

Aplican o falso Síndrome de Alienación Parental para separar un adolescente da súa nai durante máis dun ano. (ES) [+Info](#)

Unha IA feminista asistiu máis de 2.300 vítimas de violencia de xénero dixital. (ES) [+Info](#)

Feministas mexicanas denuncian o uso de fondos públicos nun evento que busca «restaurar a masculinidade virtuosa deseñada por Deus». (ES) [+Info](#)

Violencia e sexismo frutícola: cando o patriarcado e a IA difunden «ideoloxía rancia con colorinchos». (ES) [+Info](#)

Feminismo da ciencia ao humor para «desmontar prexuízos» na mocidade dende Lugo. (GA) [+Info](#)

Antonio Maestre: «O que explica o auxe da ultradereita non é a economía senón o machismo». (ES) [+Info](#)

Controlar a inflamación e rutinas para peles perfectas: xa non é só a delgadez, hai novos estándares de beleza para torturar as mulleres. (ES) [+Info](#)

Cuarto Propio en Wikipedia: as editoras que fan xustiza ás mulleres en internet desde hai máis dunha década. (ES) [+Info](#)

A Morada: «A Morada é necesaria, en Vigo non abundan espazos de cultura viva e non institucionalizada». (GA) [+Info](#)

Mar Bermúdez, a xornalista que denunciou o seu xefe por agresión: «Moitos medios xulgaron a miña forma de bailar». (ES) [+Info](#)

O sangue menstrual, un fluído ignorado pola ciencia que se convertiu nun arma secreta contra a endometriose. (ES) [+Info](#)

O primeiro protocolo nacional contra o acoso escolar prevé un rexistro de casos e perseguir os *deepfakes* e outros abusos con IA. (ES) [+Info](#)

A Hungría das mulleres e das persoas LGTBIQ+ despois de Orbán: anos de retrocesos e unha oportunidade de revertilos. (ES) [+Info](#)

Os alumnos demandan á UVigo que retome a investigación sobre o presunto acoso sexual a alunas por parte dun profesor de Filoloxía e Tradución. (ES) [+Info](#)

Alertan do risco biolóxico para as traballadoras embarazadas das escolas infantís dependentes da Consellaría de Política Social. (GA) [+Info](#)

Gemma Ruíz, xornalista e escritora: «Quero contribuír a abrir o relato patriarcal que enche de crueldade a vellez das mulleres». (GA) [+Info](#)

Condenado por inxurias o ciclista Óscar Freire tras ser denunciado por maltrato pola súa exparella. (ES) [+Info](#)

Dez menores xulgados por usar a intelixencia artificial para crear fotos das súas compañeiras de instituto espidas. (ES) [+Info](#)

A alemá Marie-Louise Eta racha o gran teito de cristal do fútbol. (ES) [+Info](#)

A ONU revela catro novos casos de abusos sexuais da súa misión de seguridade en Haití. (ES) [+Info](#)

Marisol Donis, criminóloga: «Os manicomios foron ferramentas de confinamento e control social das mulleres». (ES) [+Info](#)

Todo o que lle pasa a un home despois de que o acusen publicamente de agresión sexual: a reflexión teatral de Cristina Fallarás. (ES) [+Info](#)

A UVigo mantén un profesor pese a recoñecer indicios claros de acoso sexual cara a alumnas. (GA) [+Info](#)

Os whatsapps do presunto acoso sexual na UVigo: «A maneira na que nos falas e nos tocas é incómoda». (GA) [+Info](#)

Luzía Piñero, a nai, adestradora e empresaria que é campioa galega de boxeo: «Supón un grande empoderamento que se translada á vida diaria». (ES) [+Info](#)

Ceres Machado: «Para criticar a violencia de xénero hai que meterse até a cociña». (ES) [+Info](#)

Detido un home de 45 anos polo asasinato da súa parella en Basauri. (ES) [+Info](#)

Andrea García-Santesmases: «Esta vaga neoconservadora ten moito de heteropesimismo». (ES) [+Info](#)

«Algúns homes calculan que agredir sexualmente unha muller gorda é máis seguro para eles». (ES) [+Info](#)

A agresión sexual en València a unha vítima que vive na rúa retrata o desamparo das mulleres en situación de senfogarismo. (ES) [+Info](#)

Interior detecta 102.112 casos activos de vítimas de violencia de xénero até abril deste ano en VioGén. (ES) [+Info](#)

Telegram e a IA multiplican a violencia dixital contra mulleres anónimas en España: «Alguén me empresta a súa moza para masturbarme?» (ES) [+Info](#)

*Galleteras*, o libro que reivindica a memoria das traballadoras da fábrica de galletas Fontaneda. (ES) [+Info](#)

Os límites de incluír o aborto na Constitución: servirá para mellorar a situación das mulleres? (ES) [+Info](#)

A violencia de xénero non dá tregua: dúas detencións en Santiago durante a Semana Santa. ? (GA) [+Info](#)

## DATOS

---

Colección especial MFOG (Movemento Feminista Organizado en Galicia). [+Info](#)

Estratexia de Igualdade de Xénero 2026 – 2030. [+Info](#)

Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2024. [+Info](#)

Informe Global de Fenda de Xénero 2025. [+Info](#)

Índice de Igualdade de Xénero 2025: Datos máis precisos para un mundo cambiante. [+Info](#) Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

**Científicas en Cifras 2025.** A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) [+Info](#)

### Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

**As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas** (EN) [+Info](#)

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Punto lila virtual

Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego, inglés e adaptado a lectura fácil

**Recursos contra as violencias machistas da UVigo** (GA/ES/EN e lectura fácil) [+Info](#)

[#NonAoAcosoSexualNaUVigo](#)

**Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da Universidade de Vigo** (GA, ES e Lectura fácil) [+Info](#)

**Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo** En [Ourense](#) e [Vigo](#).

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**  
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20  
986 293 963

- CIM Ourense. Ráu Vasco da Ponte núm. 1  
988 393 191

- CIM Pontevedra. Praza de José Martí  
900 119 741 e 986 864 825

**Oficinas de atención á vítima** (nas tres cidades) [Cita previa](#)

**Centros de crise 24h** Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. [+Info](#)

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)
- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

**Resolución do 10 de decembro do 2025, da Secretaría de Estado de Igualdade e para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 17 de novembro de 2025, relativo á acreditación das situacións de violencias sexuais.** [+Info](#)

**Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas.** FEGAMP, 2023 [+Info](#)

**APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia**

de xénero. Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais [+Info](#)

Axudas e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero. [+Info](#)

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por VX, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por VX, familiares ascendentes e descendentes en 1º ou 2º grao de consanguinidade das mulleres vítimas mortais e dos seus fillos e fillas falecidos, destinadas a sufragar os gastos de traslado, repatriación, funeral, inhumación e/ou incineración das vítimas mortais por violencia de xénero e, de ser o caso, dos fillos e fillas das vítimas falecidos como consecuencia da violencia de xénero. [+Info](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [+Info](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)